



DEPUTACIÓN DE LUGO

CONSULTA

Consulta pública para a creación dun órgano especializado e funcionalmente independente denominado “Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación Provincial de Lugo”.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da LPACAP, co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de norma, substanciárase unha consulta pública a través da sede electrónica, na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do anterior expone para a configuración do proxecto de Regulamento do Tribunal administrativo provincial de recursos contractuais diversas cuestións contidas no documento adxunto.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na sede electrónica da Deputación de Lugo.

P.D. DECRETO DE DATA 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL: PABLO RIVERA CAPÓN

	IV7PVSCDJMZDRZP5QBEWMBRXL	Fecha y Hora	31/07/2023 18:11:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PVSCDJMZDRZP5QBEWMBRXL	Página	1/1	



DEPUTACIÓN DE LUGO

Consulta pública para a creación dun órgano especializado e funcionalmente independente denominado “Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación Provincial de Lugo”.

Antecedentes da norma (breve referencia aos antecedentes normativos)

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en cuxo artigo 46.4, terceiro parágrafo establécese que:

"En todo caso, os Concellos dos municipios de gran poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e as Deputacións Provinciais poderán crear un órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos. A súa constitución e funcionamento e os requisitos que deben reunir os seus membros, o seu nomeamento, remoción e a duración do seu mandato rexeráse polo que estableza a lexislación autonómica, ou, na súa falta, polo establecido no artigo 45 desta Lei."

Problemas que se pretenden solucionar coa nova norma

No contexto normativo sinalado no apartado anterior preténdese exercer a posibilidade recoñecida legalmente para a creación na Deputación de Lugo e para o ámbito de actuación material e territorial propios deste organismo e dos concellos que manifesten a súa vontade de adherirse ao mesmo.

Dito órgano, especializado e funcionalmente independente, ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), mediante a aprobación dun Regulamento que o regule, permitindo a adhesión doutros municipios e entes da provincia nos termos previstos na lei.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Contar cun órgano especializado propio de ámbito provincial para a resolución dos recursos especiais en materia de contratación que permita a súa pronta resolución ao ter como ámbito competencial específico o coñecemento dos recursos derivados dos

	IV7PVSCDZ3V3Z3E5QV4X6R7WCA	Fecha y Hora	31/07/2023 18:11:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÒN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PVSCDZ3V3Z3E5QV4X6R7WCA	Página	1/2





DEPUTACIÓN DE LUGO

contratos da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes, así como os municipios e entidades que se adhiran nos termos previstos na lei.

Obxectivos da norma

Regular a creación, constitución e funcionamento do Tribunal administrativo provincial de recursos contractuais, así como as súas competencias, composición, duración do mandato, réxime de indemnizacións, dos seus membros e especialidades propias da creación deste órgano provincial.

Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias

Non existen alternativas, regulatorias ou non regulatorias porque o Regulamento ten o seu fundamento na posibilidade de creación recoñecida no artigo 46.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), polo que o desenvolvemento desta posibilidade legal debe facerse a través da aprobación dunha norma de rango regulamentario.

P.D. DECRETO DE DATA 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL: PABLO RIVERA CAPÓN

	IV7PVSCDZ3V3Z3E5QV4X6R7WCA	Fecha y Hora	31/07/2023 18:11:25	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PVSCDZ3V3Z3E5QV4X6R7WCA	Página	2/2	